

A DESPEDIDA MÁIS DURA DE TODAS

Quero pensar que tal vez algún día estaremos xuntos outra vez.

Foi a última frase que pronunciaron os alumnos ao rematar o curso escolar.

Os nenos de 1ºB estaban moi melancólicos.

Todos querían seguir compartindo aula cos mesmos compañeiros e compañeiras.

Lembraban moitos momentos polos que pasaran.

Non querían que rematase primeiro.

Algúns deles choraban por ter que repetir curso outros laiábanse porque lles quedara algunha materia para setembro; e o resto, estaban ledos por pasar para segundo.

Ese día fixérono inesquecible, prepararon xogos e alí pasaron toda a mañá, entre risos e gozos.

Cando tocou a campá para marchar, viñéronlles as bágoas.

Custoulles despedirse, pero prometeran que sempre serían amigos.

Celia Pérez Castro 1º B